

IV. ENTIDADES LOCAIS

CONCELLO DE BARBADÁS

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE ANIMAIS DOMÉSTICOS E SALVAXES EN CATIVIDADE

Unha vez aprobada inicialmente en sesión plenaria do 6 de maio de 2024 a modificación da Ordenanza de animais domésticos e salvaxes en catividade do Concello de Barbadás, ao non se presentaren reclamacións durante o prazo de exposición ao público, de conformidade co art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, queda definitivamente adoptado o acordo plenario inicial aprobatorio, e a ordenanza queda redactada como a continuación se transcribe.

Contra o presente acordo, interporase un recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que contarán desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Ordenanza de animais domésticos e salvaxes en catividade do Concello de Barbadás

O desenvolvemento económico das sociedades contemporáneas e o seu enorme impacto no contorno ambiental xera unha importante conciencia social do respecto ao medio natural, e particularmente cara aos animais que máis cerca conviven dos humanos.

Por outro lado, hai que ter en conta que a vida é única e irrepetible e que todo ser vivo posúe uns dereitos naturais, así como o desprezo e o mero descoñecemento de tales dereitos provoca graves atentados contra a Natureza e que a coexistencia das distintas especies no mundo fai necesario o recoñecemento por parte da especie humana do dereito á existencia das demais especies animais, de maneira que o respecto das persoas cara aos animais é inseparable do respecto das persoas entre elas mesmas.

Os poderes públicos están, por iso, e como consagra a propia Constitución española de 1978 no artigo 45, chamados a desempeñaren un importante papel en defensa do contorno.

Aos municipios correspóndelles a responsabilidade de configuraren a preservación da salubridade pública coa garantía do respecto, defensa e protección dos animais, mantendo un equilibrio axustado aos intereses xerais. Para iso, resulta imprescindible establecer un marco normativo que introduza a necesaria certeza xurídica nesta materia. Este marco normativo comezou coa aprobación da Lei do Parlamento Galego 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en catividade, Decreto 153/1998, do 2 de abril, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 1/1993 e Decreto 111/2010, do 24 de xuño, polo que se modifican diversos decretos en materia de agricultura, formación agraria e conservación da natureza para a súa adaptación á directiva 2006/123/CE, relativa aos servizos no mercado interior e debe ser completado cunha ordenanza municipal que desenvolva o establecido nesta.

A presente ordenanza municipal ten como obxectivo fixar a normativa que regula a convivencia, posesión, utilización, exhibición e comercialización de todo tipo de animais no termo municipal de Barbadás.



Para iso, regula as atencións mínimas que han de recibir os animais desde o punto de vista do trato, hixiene e coidado, protección e transporte e recolle as normas para a protección dos animais domésticos e de compañía, con independencia de que estivesen ou non censados e rexistrados nel e sexa cal for o lugar de residencia dos seus donos ou posuidores.

Establece e complementa as normas que han de cumprir os establecementos dedicados a mantelos temporalmente, os requisitos e características dos consultorios, clínicas e hospitais, a recollida, sacrificio e esterilización dos animais.

Finalmente tipifica as infraccións e sancións aplicables.

Capítulo I. Obxectivos e ámbitos de aplicación

Artigo 1

1. Esta ordenanza ten por obxecto establecer a normativa que regule as interrelacións entre as persoas e os animais domésticos, tanto os de convivencia humana como os utilizados con fins deportivos e lucrativos, facendo compatible a proveitosa utilización dos animais polos seres humanos, cos posibles riscos para a hixiene ambiental, a saúde e a seguridade de persoas, animais e bens.

2. Con tal finalidade, a ordenanza ten en conta tanto as molestias e perigos que poden ocasionar os animais como o valor da súa compañía para un elevado número de persoas, tal como é o caso da axuda que poidan prestar polo seu adestramento e dedicación, como cans guías, os seus traballos de salvamento e todos os demais nos que os animais domésticos lles proporcionan aos humanos satisfaccións deportivas ou de recreo.

3. Quedan excluídos desta ordenanza e rexeranse pola súa propia normativa:

- a) A caza.
- b) A pesca.
- c) A protección e conservación da fauna silvestre no seu medio natural.
- d) Os touros e espectáculos taurinos tradicionais.
- e) A gandería entendida como cría de animais con fins de abastos.

Artigo 2

Para os efectos desta ordenanza, enténdese por:

- Animais domésticos: os que se crían, reproducen e conviven coas persoas e que non son susceptibles de ocupación.
- Animais de compañía: os animais domésticos que se crían xeralmente no propio fogar con obxecto de obter a súa compañía.
- Animais salvaxes en cativeiro: os que, sendo libres pola súa condición, sexan obxecto de captura no seu medio natural, manténdose nun grao absoluto e permanente de dominación.
- Animal abandonado: o que circula libremente aínda que estea provisto de identificación oficial, si no prazo de vinte días a partir da súa captura non é reclamado por alguén que acredite a súa propiedade.



- Establecemento: calquera recinto, instalación, edificio ou grupo de edificios, incluíndo anexos e espazos que non estean totalmente pechados ou cubertos, así como instalacións móbiles, onde se aloxen, manteñan ou críen animais.

- Núcleos zoolóxicos: son aqueles establecementos que albergan coleccións zoolóxicas de animais con fins científicos, culturais, recreativos ou para a súa reprodución, recuperación, adaptación ou conservación.

- Establecemento para o fomento de animais: son os establecementos que teñen por obxecto a reprodución, explotación, aloxamento temporal ou permanente e venta, ou ambos, de animais.

- Centros dedicados ao acicalamento ou coidados de animais: son os establecementos dedicados ao tratamento hixiénico, ao acicalamento, coidado e outras actividades afíns dos animais obxecto deste decreto.

- Establecementos de recollida de animais abandonados: son os establecementos que teñen por obxecto a recollida de animais abandonados, facilitándolles no tempo e forma que marque a normativa vixente aloxamento, alimentación, coidados e os tratamentos hixiénicos-sanitarios correspondentes.

- Establecementos veterinarios: aqueles onde se realizan habitualmente calquera tipo de tratamentos cirúrxicos, terapéuticos e a hospitalización de animais, e outros servizos veterinarios baixo a responsabilidade dun/dunha veterinario/a.

Capítulo II. Das obrigas dos posuidores

Artigo 3.

1. Os posuidores de animais estarán obrigados en todo momento a:

a) Mantelos en boas condicións hixiénico-sanitarias e realizar calquera tratamento preventivo que fose declarado obrigatorio ou que sexa necesario para o seu benestar ou a protección da saúde pública.

b) Proporcionarlle a alimentación, auga e coidados que estean en consonancia coas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas do animal.

c) Facilitarlle un aloxamento que deberá proporcionarlle un ambiente adecuado, cómodo e hixiénico.

d) Non maltratalos nin sometelos a práctica algunha que lle poida producir sufrimento ou danos non xustificados.

e) Non subministrarlles sustancias que poidan causarlle sufrimento ou danos innecesarios nin aquelas que se utilicen para modificar o comportamento do animal coa finalidade de aumentar o seu rendemento, salvo que se efectúe por prescrición facultativa.

f) Non abandonalo.

g) Adoptar as medidas necesarias para que o animal non poida acceder libremente ás vías e espazos públicos ou privados, así como impedir o seu libre acceso a persoas, animais ou cousas que se achen neles.



h) Toda persoa que pasee con animais pola vía pública ou espazos privados de uso público, adoptará as medidas precisas para estes non ensucien coas súas deposicións ou miccións. Para tal efecto, deberán recoller os excrementos que se depositen nas vías públicas ou espazos privados de uso público e levar unha botella de auga para minimizar o impacto das miccións, que deberá botarse sobre a micción xusto despois de producirse.

i) Os posuidores de animais que se atopen en liberdade en leiras ou recintos deberán dispoñer os medios adecuados para evitar que poidan ocasionarlles danos ou molestias aos viandantes. Así mesmo, procurarán que a circulación e transporte dos seus animais pola vía pública se leve a cabo coas adecuadas medidas de protección.

Artículo 4

As cancelas, cuerdas, cortellos e demais aloxamentos para acubillar animais deberán:

- a) Ser estancos con respecto ao medio exterior.
- b) Dispoñer dunhas adecuadas condicións de ventilación e iluminación.
- c) Reunir as condicións hixiénicas establecidas para o tipo de instalacións de que se trate.
- d) Ter unhas dimensións apropiadas que permitan a estancia cómoda do animal.
- e) Dispoñer de peches ou outros mecanismos que, sen producirlles danos ou molestias físicas, eviten as fugas.
- f) Dispoñer dun espazo apropiado para o exercicio dos animais.
- g) Dispoñer de subministración de auga potable, dun sistema de auga a presión para a limpeza e dun sistema de evacuación das augas residuais.

Artigo 5

Queda prohibido:

- a) Maltratar ou agredir fisicamente os animais ou sometelos a calquera outra práctica que lles supoña sufrimentos ou danos inxustificables.
- b) Abandonalos.
- c) O uso de toda clase de dispositivos que, destinados a limitar ou impedir a mobilidade dos animais, lles produzan a estes danos ou sufrimentos innecesarios, en especial os que lles impidan manter a cabeza na posición natural.
- d) Desatender a súa alimentación ou reducila a un nivel de mera subsistencia que poida entrañar riscos para a saúde do animal ou que resulte inadecuada para as súas características fisiolóxicas.
- e) Mantelos en condicións inadecuadas desde o punto de vista hixiénico-sanitario ou desatender a práctica do coidado e atención necesarios de acordo coas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas segundo raza e especie.
- f) Obrígalos a traballar ou a producir en caso de enfermidade, desnutrición, así como cando exista o risco dunha sobreexplotación que poña en perigo a súa saúde.
- g) Subministrarlles sustancias non permitidas, coa finalidade de aumentar o seu rendemento ou produción.



- h) Practicarlles mutilacións aos animais, excepto as supervisadas por un facultativo competente en caso de necesidade ou para conseguir a presentación habitual da raza.
- i) Vendelos ou cedelos a laboratorios, clínicas e particulares co obxecto de ser utilizados en experimentación, sen a correspondente autorización.
- j) Vendérllelos aos menores de 16 anos e ás persoas con discapacidade, sen a autorización daqueles que teñan a patria potestade ou custodia.
- k) Exercer a venda ambulante de animais sen a autorización municipal correspondente, ou fóra dos lugares ou mercados indicados para iso.
- l) O sacrificio non eutanásico dos animais de compañía.
- m) A celebración de certames, concursos, exposicións ou concentracións de animais sen a autorización previa da consellería competente nesta materia.
- n) A posesión, exhibición, compravenda, cesión, circulación, doazón ou calquera outra forma de transmisión de especies protexidas pola normativa vixente, incluídos os convenios internacionais, sen as correspondentes autorizacións expedidas polas autoridades competentes.
- o) A posesión de animais perigosos para o home sen dispoñer de recintos apropiados e a súa circulación en espazos públicos ou en locais abertos ao público sen as debidas garantías de seguridade.
- p) Calquera outra acción ou omisión tipificada como infracción polos artigos 20, 21 e 22 da Lei 1/1993.

Artigo 6

Prohíbese, así mesmo:

- a) A utilización de animais en pelexas, festas, espectáculos e outras actividades que leven maltrato, crueldade ou sufrimento destes, coas únicas excepcións recollidas no artigo 5 da Lei 1/1993.
- b) A filmación ou realización de escenas para cine, televisión ou calquera outro medio audiovisual, que recolla escenas de crueldade, maltrato ou sufrimento de animais, salvo autorización expresa da consellería competente nesta materia, que verificará que o dano aparente causado aos animais sexa, en todo caso, simulado.
- c) Queda prohibida expresamente a utilización ambulante de animais como reclamo publicitario, así como a utilización de calquera tipo de produtos ou substancias farmacolóxicas para modificar o comportamento natural dos animais que se utilizan para o traballo fotográfico ou publicitario.

Artigo 7

Queda prohibida a cría doméstica de aves de curral, coellos, pombas e outros animais análogos en domicilios particulares dentro do núcleo urbano, tanto se é en terrazas, como en cerrados ou patios.

Capítulo III. Dos animais domésticos

Artigo 8

1. Con carácter xeral, autorízase a tenza de animais de compañía domésticos nos domicilios particulares sitos no núcleo urbano e está condicionada a súa tenza a que as circunstancias hixiénicas



do seu aloxamento sexan óptimas, á ausencia de riscos no aspecto sanitario e á inexistencia de perigos ou molestias evitables para os/as veciños/as ou para outras persoas.

2. O/a posuidor/a dun animal doméstico é responsable da súa protección e coidado, así como do cumprimento de todas as obrigas contidas nesta ordenanza.

3. Os/as propietarios/as ou posuidores/as de cans e gatos que habitualmente saian do domicilio están obrigados a censalos, así como a súa identificación nos termos establecidos nesta ordenanza, que será de aplicación tanto para as comunicacións por morte e desaparición dos animais censados como para os cambios de propiedade destes.

4. Este censo conterá, polo menos, os seguintes datos:

a) Identificación do animal.

b) Identificación do/a propietario/a, posuidor/a ou persoa que asuma a responsabilidade.

c) Domicilio deste.

d) No caso dos cans, a cartilla sanitaria será a expedida polo/a veterinario/a colaborador/a que censase e identifícase o animal. Sobre ela anotaranse as sucesivas vacinacións e tratamentos obrigatorios que este reciba.

5. Con tal finalidade, prohíbese desde as 24.00 horas ata as 8.00 horas, deixar nos patios, terrazas, galerías e balcóns, aves e animais en xeral, que cos seus sons, berros ou cantos disturben o descanso ou tranquilidade dos veciños e veciñas. No resto do día, tamén deberán ser retirados dos lugares especificados polos seus propietarios/as ou posuidores/as cando de maneira evidente ocasionen molestias aos/ás ocupantes do inmovible ou inmovibles vecinos/as.

Artigo 9

O posuidor dun animal, sen prexuízo da responsabilidade civil subsidiaria do propietario/a, será responsable dos danos, prexuízo e molestias que lles ocasione ás persoas, animais, cousas, espazos públicos ou ao medio natural en xeral, de acordo co establecido no artigo 1905 do Código civil.

Artigo 10

O número de animais que poidan aloxarse en cada domicilio ou inmovible poderá limitarse pola autoridade municipal, en base a informes técnicos razoados, atendendo ás características da vivenda e á biomasa dos animais aloxados.

Artigo 11

1. A entrada e permanencia de animais domésticos, especialmente da especie canina, en toda clase de locais destinados á fabricación, venda, almacenamento, transporte ou manipulación de alimentos queda expresamente prohibida, a excepción dos cans guía.

2. Queda expresamente prohibida a entrada de animais domésticos de compañía en locais destinados a espectáculos públicos deportivos e culturais, a excepción dos cans guía.

3. Os concellos facilitarán os medios e espazos adecuados para que os animais poidan realizar as súas funcións fisiolóxicas nas debidas condicións hixiénicas.

4. As autoridades municipais limitarán ou prohibirán, no seu caso, as zonas e horas en que poderán circular ou permanecer os cans e outros animais sobre os parques e outros espazos pú-



blicos, especialmente os frecuentados por nenos e nenas, dos seus respectivos termos municipais. Prohíbese expresamente a presenza de animais nas piscinas públicas, durante a tempada de baños.

5. Os animais soltos en vivendas con acceso á vía pública deberán estar cercados de maneira que non poidan alterar ou asustar os/as viandantes.

Artigo 12

Nas vías públicas, os cans irán provistos de buceira, cadea ou correa e colar con identificación do/a propietario/a.

Artigo 13

As persoas que sufrisen agresións por un animal informarán diso as autoridades sanitarias. Os propietarios ou posuidores de animais agresores están obrigados a lles facilitaren os datos correspondentes do animal agresor tanto á persoa agredida como aos seus representantes legais e ás autoridades competentes que o soliciten. Así mesmo, calquera persoa que advirta un risco posible para a saúde poderállelo comunicar ás autoridades sanitarias e, en todo caso, é obriga dos sanitarios ou os centros que atendan aos agredidos efectuaren a denuncia correspondente.

Artigo 14

1. Os animais que agredisen a unha persoa e que, a xuízo dos servizos veterinarios oficiais, poidan ser sospeitosos de transmitir enfermidade infecto-contaxiosa, serán retidos polos servizos municipais, coa colaboración, no seu caso, das asociacións colaboradoras de protección e defensa dos animais, e manteranse en observación veterinaria durante catorce días.

2. Esta retención e observación poderá levarse a cabo no propio domicilio ou outra instalación do/a posuidor/a do animal.

3. Os gastos ocasionados pola retención e vixilancia dos animais correrán por conta do/a propietario/a do animal.

Capítulo IV. Dos animais salvaxes en cativeidade

Artigo 15

1. O/a posuidor/a dun animal salvaxe en cativeidade é responsable da súa protección e coidado, así como do cumprimento das obrigas establecidas nesta ordenanza, na Lei 1/1993, do 13 de abril, e do Regulamento 153/1998, do 2 de abril.

2. A tenza de animais en cativeidade procedentes de importación precisará do informe previo do organismo competente da Xunta de Galicia relativo ás condicións hixiénico-sanitarias do animal.

3. Prohíbese a tenza de animais salvaxes perigosos para as persoas fóra dos locais autorizados polo órgano competente da Xunta de Galicia, así como a súa circulación por lugares abertos ao público sen as medidas protectoras que se establezan, de acordo coas características de cada especie.

4. Aos animais salvaxes en cativeidade seranlles de aplicación as medidas sanitarias e hixiénicas recollidas nesta Ordenanza, así como as dispostas no artigo 9 da Lei de Galicia 1/1993, do 13 de abril.



Artigo 16

1. Os/as posuidores/as de animais que pertencan a especies recollidas no Regulamento 3626/82/CEE do Consello, do 3 de decembro de 1982, relativo á aplicación na comunidade do convenio sobre comercio internacional de especies ameazadas da fauna e flora silvestres (no sucesivo denominado CITES), teñen a obriga de censalos no Rexistro que para tal fin se constituirá nas delegacións provinciais da consellería competente nesta materia, no prazo máximo de tres meses, que contarán a partir da data de nacemento, ou dun mes, que contará a partir da data de adquisición.

Se no momento de adquirir o animal, este estiver xa censado polo seu anterior propietario ou propietaria, o/a novo/a posuidor/a deberá comunicar, no prazo máximo dun mes desde a súa adquisición, o cambio de titularidade do animal. Igualmente, deberán comunicar as baixas e o motivo que dese lugar a elas.

2. Así mesmo, os animais que pertencan a algunha das especies recollidas no CITES deberán posuír o seu correspondente pasaporte ou cartilla sanitaria.

3. O censado ao que alude o apartado 1, así como a obtención da documentación á que fai referencia o apartado 2, poderase realizar a través de veterinarios/as colaboradores/as, de acordo co que dispoña a dirección xeral competente nesta materia.

4. Os/as posuidores/as de animais silvestres autóctonos están obrigados a solicitaren autorización administrativa para sentenza, que deberá estar xustificada en todo caso, de acordo co establecido pola Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres.

Capítulo V. Sobre animais abandonados

Artigo 17

1. O Concello recollerá os animais abandonados, directamente ou través de convenios realizados con institucións públicas ou privadas, e reteraos ata que sexan reclamados, acollidos ou sacrificados.

2. Unha vez recollido, segundo as condicións que determina esta ordenanza municipal, un animal presuntamente abandonado, a Administración competente ou asociación colaboradora reterao, co obxecto de localizar o seu dono, durante un prazo de 20 días, antes de darlle o destino máis aconsellable.

3. Se durante este prazo o animal é identificado, daráselle aviso fidedigno ao seu propietario e este terá un prazo máximo de 10 días para recuperalo, previo abono dos gastos que ocasionara a súa custodia e mantemento. En todo caso, o prazo total non será inferior a 20 nin superior a 30 días, que contarán desde a captación do animal.

Artigo 18

Os establecementos para a recollida de animais abandonados deberán ser declarados e rexistrados de acordo co establecido no artigo 32 desta ordenanza e 33 da Lei 1/1993.

Artigo 19

Os establecementos de recollida de animais abandonados, ademais das condicións xerais establecidas nos artigos 35 desta ordenanza e 43 da Lei 1/1993, deberán reunir os seguintes requisitos:



- a) Deberán contar con espazos amplos e suficientes, onde os animais poidan ter un aloxamento adecuado e protexido das inclemencias meteorolóxicas.
- b) Disporán de chans de cemento, pedra ou material similar que permitan o lavado e limpeza diaria, e daráselles a estes chans unha lixeira inclinación cara aos lugares de desaugadoiro.
- c) Terán unha temperatura ambiental adecuada, así como aireación, iluminación, leitos secos e auga corrente.
- d) Terán departamentos independentes para os animais agresivos e para os animais feridos ou enfermos non contaxiosos.
- e) Terán departamentos independentes e convenientemente illados para os animais sospeitosos de padecer enfermidades infecto-contaxiosas.
- f) Deberán posuír un botiquín apropiado para curas de urxencia.
- g) Deberán contar cuns servizos veterinarios adecuados, e cunha sala de curas ou primeiros auxilios para atender os animais feridos.

Artigo 20

1. Unha vez transcorridos os prazos establecidos no artigo 17.2, os animais de compañía abandonados serán postos a disposición do que os solicite, durante un prazo mínimo de tres días, sempre que se comprometa a regularizar a súa situación sanitaria de acordo coa normativa vixente aplicable.

2. Os gastos debidos ás atencións veterinarias, entre as que se inclúen os tratamentos obrigatorios, que poderá esixirse ao establecemento de recollida, correrán a cargo do/a adquirente do animal abandonado.

3. O/a adquirente deberá comprometerse ao cumprimento das obrigas propias dos posuidores de animais recollidas neste decreto.

Artigo 21

Os animais que non fosen retirados polos seus donos nin cedidos en adopción no prazo de tres meses, ou antes nos supostos de urxencia, poderán sacrificarse por procedementos autorizados baixo control veterinario, para evitar sufrimentos, de forma que o método empregado implique a perda inmediata da consciencia e o mínimo sufrimento posible.

Artigo 22

1. Os métodos autorizados para o sacrificio de animais de compañía son os seguintes:

- Por inxección endovenosa de barbitúricos solubles.
- Por inhalación de monóxido de carbono.
- Aqueloutros que, polas condicións ou dificultades de manexo, sexa necesario aplicar.

2. A consellería competente nesta materia poderá engadir á lista do apartado aqueloutros métodos que o seu xuízo reúnan os requisitos apropiados.

3. A persoa responsable do sacrificio dos animais deberá asegurarse de que este estea morto antes de retirar o cadáver.



Artigo 23

Os cadáveres dos animais mortos ou sacrificados deberán ser destruídos por enterramento hixiénico ou por incineración.

Capítulo VI. Sobre o transporte

Artigo 24

1. Prohíbese o transporte de animais se estes non se atopan en condicións de realizaren o traxecto establecen e se non se adoptasen as disposicións oportunas para o seu coidado durante este e á chegada ao lugar de destino. Os animais enfermos e feridos non se considerarán aptos para o transporte. Quedarán exceptuados:

- a) Os animais levemente feridos ou enfermos cuxo transporte non sexa causa de sufrimentos innecesarios.
- b) Os animais transportados con obxecto de someterse á atención e tratamento veterinarios ou a un sacrificio de urxencia.

2. Calquera animal que se fira ou enferme durante o transporte recibirá os primeiros auxilios o antes posible. Se procede, será sometido ao tratamento veterinario adecuado e, en caso necesario, sacrificado urxentemente de forma que se lle eviten sufrimentos innecesarios.

Artigo 25

O transporte de animais domésticos e salvaxes en cativeiro realizarase coas debidas condicións hixiénicas e sanitarias, e deberán respectarse, en todo caso, as condicións específicas previstas na normativa vixente sobre protección dos animais durante o transporte

Capítulo VII. Dos concursos e exposicións

Artigo 26

1. Para a celebración de concursos, exposicións e calquera outro tipo de certames ou eventos coa concorrencia dos animais obxecto deste decreto, será obrigatoria a autorización previa da consellería competente nesta materia, sen prexuízo de calquera outra autorización preceptiva.

2. As solicitudes de autorización para a celebración dos certames aludidos no apartado anterior serán presentadas polos organizadores coa antelación mínima de tres meses previa á súa celebración e deberán ir acompañadas dunha memoria que comprenda os seguintes aspectos:

- a) Características do certame que se vai celebrar.
- b) Descrición do lugar de celebración e instalacións dedicadas a este.
- c) Datás e horas de celebración.
- d) Previsión de animais asistentes clasificados por especies e, no seu caso, razas.
- e) Programa de medidas sanitarias que garantan as condicións de celebración, así como medios para o control da documentación de orixe e sanidade dos animais participantes. Este programa deberá estar suscrito por un/unha veterinario/a responsable deste.
- f) Regulamentación e funcionamento do evento.
- g) Nome, enderezo, teléfono e fax da persoa responsable da organización.



3. Os locais e recintos destinados á celebración de concursos ou exposicións das distintas especies e razas de animais de compañía deberán cumprir cos seguintes requisitos:

a) No caso de recintos: dispoñer dun perímetro cerrado por peche fixo ou móbil que impida a saída dos animais.

b) Dispoñer dun local-enfermería onde, baixo a responsabilidade dun/dunha veterinario/a, poidan atenderse aqueles animais que precisen asistencia. Este local poderá ser móbil se se trata de certames que se celebren en recintos cunha periodicidade superior á mensual.

c) Dispoñer dun botiquín básico co material necesario para a práctica da cirurxía menor e co equipamento farmacéutico apropiado para a atención anteriormente mencionada.

d) No caso de celebrarse a ceo aberto, deberán adoptarse as medidas necesarias para preservar os animais das inclemencias meteorolóxicas e da acción extrema dos raios solares.

e) As entidades que realicen concursos e exposicións estarán obrigadas á desinfección, desinsectación e desratización dos locais ou recintos onde se celebren.

f) Será preceptivo para todos os animais que participen en concurso ou exposicións a exhibición da súa correspondente cartilla ou documento sanitario de acompañamento. A organización do certame estará obrigada a velar polo cumprimento desta norma.

Capítulo VIII. Controis sanitarios

Artigo 27

Os plans, programas e disposicións de execución para o control, loita e erradicación de zoonose e epizootías dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, serán os establecidos pola consellería competente nesta materia, de acordo coa situación epizootiolóxica existente e sen prexuízo da normativa estatal ou comunitaria en vigor.

Artigo 28

1. As medidas sanitarias establecidas no artigo 9 da Lei 1/1993, do 13 de abril, poderán ser ordenadas, de forma inmediata, pola consellería competente nesta materia, ou polos concellos, cando as razóns de urxencia así o aconsellen, e informarán desta o Consello Galego de Protección dos Animais Domésticos e Salvaxes en Cativeiro, tan pronto como sexa posible.

2. As ordes de internamento, illamento ou sacrificio obrigatorio dos animais de compañía a que alude os puntos 2 e 3 do artigo 9 da Lei 1/1993, do 13 de abril, só poderán adoptarse cando os diagnósticos das enfermidades ou a detección de portadores sexa confirmado polos servizos veterinarios oficiais.

Artigo 29

No caso de detectar unha enfermidade contaxiosa, realizarase o illamento e control do animal e informarse inmediatamente os servizos veterinarios oficiais correspondentes, en todos aqueles casos nos que a enfermidade sexa de declaración obligatoria ou nos que, segundo a normativa vixente, deba notificarse con fins estatísticos.



Capítulo IX. Da experimentación con animais

Artigo 30

1. Toda actividade experimental con animais que poidan causarlles dolor, sufrimento, lesión ou morte será adecuada á normativa aplicable específica que a regule e, se é o caso, á previa autorización polo órgano competente da Xunta de Galicia.

2. Os animais destinados á experimentación serán obxecto da protección e coidados xerais determinados nesta ordenanza.

3. A experimentación con animais desenvolverase baixo a dirección do persoal facultativo correspondente.

4. Os animais que non poidan desenvolver unha vida normal, como consecuencia da experimentación da cal foron obxecto, serán sacrificados de forma rápida e indolora.

5. En cumprimento da vixente normativa sobre protección nos animais utilizados para a experimentación e investigación científica, non poderán utilizarse a estes fins, animais vagabundos das especies domésticas capturados polos servizos municipais.

Capítulo X. Dos establecementos

Artigo 31

Sen prexuízo do esixido nas demais disposicións que sexan aplicables, estarán suxeitos á presentación de comunicación previa conforme ao disposto na Lei 9/2013, do 18 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia os seguintes:

a) Os establecementos hípicos, sexan ou non de tempada con instalacións fixas ou non, que garden cabalos para a práctica da equitación con fins deportivos, recreativos e turísticos.

b) Os centros para animais de compañía e os destinados á reprodución, aloxamento temporal ou permanente e/ou subministros de animais para vivir domesticados nas casas, principalmente cans, gatos e aves e outros cánidos destinados á caza e do deporte e que se dividen en:

- Lugares de cría: para a reprodución e subministración de animais a terceiros.
- Residencias: establecementos destinados a aloxamento temporal.
- Canceiras deportivas: establecementos destinados á práctica do deporte en canódromos.
- Manda de cans: establecementos destinados a gardar animais para a caza.

c) Centros ou agrupacións diversas non comprendidas entre os anteriores. Clasifícanse en:

- Paxarerías: para a reprodución e/ou subministración de pequenos animais, principalmente pequenas aves, con destino aos domicilios.
- Provedores de laboratorios: para a produción e/ou subministración de animais con fins de experimentación científica.
- Zoos ambulantes, circos e entidades asimiladas.
- Comercios dedicados á venda de animais de acuario ou terrario, como peixes, arácnidos e réptiles.
- Instalacións dedicadas á cría de animais para aproveitamento das súas peles.



Artigo 32

1. A Xunta de Galicia crea o Rexistro de Establecementos de Animais Domésticos e Salvaxes en Cativeiro de Galicia, como rexistro público de carácter administrativo, dependente da dirección xeral competente e organizado por departamentos territoriais.

2. Será constitutiva a inscrición no rexistro nas seguintes seccións correspondentes aos establecementos que se sinalan a continuación:

a) Núcleos zoolóxicos. Quedan incluídos neste apartado: zoosafaris, parques ou xardíns zoolóxicos, zoos de circos radicados en Galicia, reservas zoolóxicas, centros de recuperación da fauna, coleccións zoolóxicas privadas e todo tipo de agrupacións zoolóxicas.

b) Establecementos de recollida de animais abandonados.

c) Establecementos dedicados ao fomento de animais domésticos ou salvaxes en cativeiro. Quedan expresamente incluídos neste apartado, entre outros: tendas de animais, centros de cría, centros de importación de animais, escolas de adestramento de animais domésticos e salvaxes en cativeiro e as canceiras deportivas. As persoas particulares que realicen periodicamente venda de crías de animais consideraranse, para os efectos de rexistro, como titulares de centros de cría, e estarán obrigados a inscribilas neste.

Quedan excluídas as residencias de animais.

3. Será informativa a inscrición no rexistro nas seguintes seccións correspondentes aos establecementos que se sinalan a continuación:

a) Establecementos veterinarios.

b) Centros dedicados ao acicalamento ou coidados de animais.

c) Residencias de animais.

Artigo 33

1. Non será necesario o rexistro ao que alude o artigo 32, para a tenza de animais autóctonos ou exóticos, legalmente adquiridos, cando o seu uso sexa exclusivamente familiar.

2. Non obstante, cando a tenza por un particular de animais dunha ou varias especies zoolóxicas que polas súas características ou pola súa cantidade poida comportar un risco sanitario ou se precisan unhas condicións determinadas que garantan o benestar e protección dos animais e a xuízo da autoridade competente na materia ou dos servizos veterinarios oficiais, consideraranse como unha colección zoolóxica, e deberán rexistrarse neste apartado.

Para a tenza de máis de 5 cans maiores de 3 meses nun mesmo establecemento aínda que estean ao aire libre é obrigatoria a presentación dunha comunicación previa, dirixida ao departamento territorial da consellería competente en materia de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro.

Artigo 34

Previamente á posta en funcionamento de calquera dos establecementos aos que se refire o apartado 2 do artigo 32, con excepción dos núcleos zoolóxicos dependentes da consellería competente nesta materia, esixirase a autorización recollida no artigo 3.1.º da Lei 1/1993, do 13 de abril,



de protección de animais domésticos e salvaxes en catividade e a inscrición de oficio no rexistro recollido no artigo 32, unha vez autorizado o establecemento. A dita autorización corresponderalle á persoa titular do departamento territorial da consellería competente en materia de protección de animais domésticos e salvaxes en catividade.

Artigo 35

1. Os establecementos aos que se refire o artigo 32 deberán reunir, como mínimo, para seren autorizados e rexistrados, os seguintes requisitos zoosanitarios:

a) Emprazamento apropiado, co illamento adecuado, que evite o posible contaxio de enfermidades a animais estraños ao establecemento.

b) Construcións, instalacións e equipos que proporcionen un ambiente hixiénico, protexan de posibles riscos os animais e faciliten a aplicación de medidas zoosanitarias.

c) Subministración de auga potable.

d) Sistema para a eliminación de esterco, xurros e augas residuais, de forma que non entrañen perigo de contaxio para outros animais nin para as persoas.

e) Recintos, locais ou gaiolas de fácil lavado e desinfección para o illamento, secuestro e observación dos animais enfermos ou sospeitosos de enfermidade.

f) Medios apropiados para a limpeza e a desinfección dos locais, material e utensilios en contacto cos animais e, no seu caso, dos vehículos utilizados no transporte dos mesmos, cando este se precise.

g) Medios apropiados para a destrución ou eliminación hixiénica de cadáveres animais e materias contumaces.

h) Programa definido de hixiene e profilaxe para os animais albergados, proposto por un facultativo veterinario.

i) Programa de manexo adecuado para que os animais se manteñan en bo estado de saúde, supervisado por un/unha facultativo/a veterinario/a.

2. Os establecementos veterinarios e aqueloutros onde se realicen coidados ou aloxamento de animais disporán de locais de espera apropiados, co fin de que, en ningún caso, os animais permanezan na vía pública, escaleiras ou espazos comúns de inmobles, antes da súa entrada nos citados establecementos.

3. Así mesmo, os establecementos dedicados ao lavado e acicalamento dos animais, ademais das normas xerais establecidas nesta ordenanza, deberán:

a) Dispoñer de auga quente á temperatura adecuada para o lavado dos animais.

b) Dispoñer dun sistema de secado apropiado e, no seu caso, cos dispositivos necesarios que eviten o risco de producirlle queimaduras ao animal.

c) Dispoñer nas mesas de traballo, no seu caso, de sistemas de suxeición apropiados que eviten o risco de estrangulamento dos animais no caso de estes intenten saltar ao chan.



Artigo 36

Para obter a autorización e a súa correlativa inscrición de oficio no rexistro dos establecementos fixados no apartado segundo do artigo 32, as persoas físicas ou xurídicas interesadas presentarán a correspondente solicitude dirixida á persoa titular do departamento territorial da consellería competente en materia de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro e que deberá ser asinada pola persoa física ou o representante legal da persoa xurídica que sexa titular do centro ou establecemento. A solicitude de autorización deberá ir acompañada da documentación requirida polo artigo 37 do Decreto 153/1998.

Artigo 37

As persoas físicas ou xurídicas interesadas nos establecementos recollidas no apartado terceiro do artigo 32 deberán presentar unha comunicación previa, dirixida á persoa titular do departamento territorial da consellería competente nesta materia, indicando os seus datos identificativos e demais requisitos xerais que se preveñen nos parágrafos primeiro e segundo do artigo 35 esixibles para o inicio da actividade. Ademais, se o inicio das actividades afectas aos centros dedicados ao acicalamento ou coidado de animais, deberá cumprir os requisitos do apartado terceiro.

A dita comunicación irá acompañada dunha memoria descritiva da actividade que se vai realizar, do establecemento e as súas instalacións, así como dos medios de que dispoñan recollidos no artigo 35.

Artigo 38

Sen prexuízo do cumprimento das demais disposicións de carácter sanitario, os establecementos aos que se refire o artigo 32 deberán:

- a) Realizar, sempre que sexa necesaria e, en todo caso, semestralmente, unha desinfección, desinsectación e desratización a fondo dos locais e material en contacto cos animais.
- b) Subministrarlle á dirección xeral competente tanta información, de carácter zosanitario lle sexa solicitada.

Artigo 39

As carnes e despoños empregados na alimentación animal deberán estar debidamente tratados e proceder de centros autorizados para o sacrificio e faenado dos animais e comercialización dos seus produtos. O aproveitamento de cadáveres para tal fin só será permitido cando a morte se debese a un accidente fortuíto e un/unha veterinario/a oficial/a ou colaborador/a, despois de efectuada a inspección procedente, elaboren a correspondente certificación.

Artigo 40

Todos os establecementos a que fai referencia o artigo 32 onde se aloxen temporal ou definitivamente animais, estarán obrigados a levar un libro oficial de Rexistro onde se especifiquen para cada animal, o establecido no artigo 43 do Decreto 153/1998, do 2 de abril.

Artigo 41

Os establecementos aos que se refire o artigo 33.º confeccionarán e remitirán anualmente ao servizo correspondente, sen prexuízo do establecido para as enfermidades de declaración e no-



tificación obrigatoria, un parte de incidencias sanitarias, no que se farán constar as enfermidades detectadas e os tratamentos preventivos e curativos realizados, asinado por un/unha veterinario/a que se responsabilice da saúde e hixiene dos animais, e certificarán, así mesmo, o cumprimento, por parte do establecemento, das condicións e requisitos que sinala este decreto.

Excepcionalmente se poderán solicitar, partes de periodicidade mensual, cando, a xuízo da dirección xeral competente, a situación epizootiolóxica así o aconselle.

Artigo 42

Os establecementos autorizados para a venda de animais de compañía están obrigados a entregarlles aos compradores animais libres de toda enfermidade e coas vacinacións, desparasitacións e tratamentos preceptivos, segundo a especie da que se trate, extremo que se acreditará mediante o pasaporte ou cartilla sanitaria, no seu caso, ou ben por certificación expedida polo veterinario responsable do establecemento.

Capítulo XI. Establecementos zoolóxicos

Artigo 43

Os albergues, criadeiros, establecementos de vendas, de recollida e de experimentación e os dedicados á exhibición de animais salvaxes en cativeiro, sen prexuízo dos condicionantes establecidos polo artigo 3.e) da Lei de Galicia 1/1993, do 13 de abril, han de reunir as seguintes características:

a) As construcións, instalacións e equipos serán os adecuados para asegurar un ambiente hixiénico e facilitar as necesarias accións zoonosanitarias.

b) Deberán estar dotados de auga corrente en cantidade suficiente para a súa adecuada limpeza, así como para a subministración de auga potable aos animais.

c) Disporán dos medios para a limpeza e desinfección dos locais, materiais e utensilios que pode estar en contacto cos animais e no seu caso, dos vehículos para o seu transporte.

d) Deberán realizar as desinfeccións, desinsectacións e desratizacións periódicas necesarias con produtos autorizados para tales fins.

e) Disporán dos medios necesarios para que a eliminación de excrementos e augas residuais se realice de forma que non comporte risco para a saúde pública nin perigo de contaminación do medio.

f) Disporán dos medios necesarios para eliminar hixienicamente cadáveres de animais e materiais contumaces o entregarán estes residuos ao xestor correspondente en condicións que garantan a salubridade e hixiene precisas.

g) As instalacións deberán permitir unhas condicións de vida adecuadas para os animais, de acordo coa natureza destes. Os tamaños mínimos que se acorden para os receptáculos son os seguintes:

- Cachorro de can de raza mediana e grande: 1m x 2m
- Cachorro de can de raza pequena: 0,75m x 2m
- Consideraranse cachorros ata os 12 meses de idade.



- Os cachorros de razas grandes con idade superior a 4 meses disporán de 4m x 2m

h) Cunha periodicidade mínima diaria, os cans en exposición para a venda deberán ser sacados do seu confinamento para permitirlles realizar exercicio en espazo aberto.

i) Deberán dispoñer duna zona de corentena que permita o illamento de animais enfermos ou sospeitosos de estalo.

j) Fíxase en seis semanas a idade mínima que terán os cachorros de cans e gatos para a súa comercialización.

Capítulo XII. Das infraccións e sancións

Artigo 44

1. Os axentes da autoridade e cantas persoas precisen ou coñezan feitos contrarios ao establecido nesta ordenanza teñen o deber de denunciar os/as infractores/as.

2. Os animais cuxos propietarios ou posuidores sexan denunciados por causarlles sufrimentos, por non aloxalos en condicións hixiénicas e biolóxicas adecuadas, por desobedecer medidas ditas pola autoridade municipal, por infraccións de normas sanitarias ou por desprezo de normas elementais de convivencia, poderán ser retirados polos axentes municipais.

A devolución destes, se procedese, farase unha vez tomadas as medidas correctoras que poidan impoñerse.

Artigo 45

1. Para os efectos da presente ordenanza, será infracción administrativa o incumprimento das obrigas, das prohibicións e dos requisitos establecidos nela, así como o das condicións impostas nas autorizacións administrativas outorgadas ao seu amparo.

2. A responsabilidade administrativa será esixida sen prexuízo da que puidese corresponder no ámbito civil ou penal.

3. No caso de celebración de espectáculos prohibidos, incorrerán en infracción administrativa non só os seus organizadores, senón tamén os donos dos locais ou terreos que os cedesen, a título oneroso ou gratuíto.

Artigo 46

Tipifícanse como infraccións leves:

- a) O maltrato dos animais que non lles cause dolor.
- b) A venda, doazón ou cesión de animais a menores de 14 anos ou incapacitados, sen autorización de quen teña a súa patria potestade, tutela ou custodia.
- c) A doazón de animais de compañía como premio.
- d) Non manter o animal en boas condicións hixiénico-sanitarias.
- e) Mantelos en instalacións inadecuadas.
- f) Non facilitarlles a alimentación adecuada ás súas necesidades.
- g) A utilización de animais en traballos que os inmovilicen, causándolles dolor.
- h) Exercer a venda ambulante de animais fóra dos mercados e feiras autorizados.



- i) A carencia ou tenza incompleta do arquivo de fichas clínicas dos animais obxecto de tratamento obrigatorio ou vacinación.
- j) A posesión dun can ou un gato non censado nin identificado conforme o establecido nesta ordenanza.
- k) O sacrificio de animais en lugares públicos.
- l) A non recollida inmediata dos excrementos evacuados por un animal de compañía na vía pública.
- m) As molestias ocasionadas á veciñanza polo incumprimento do establecido na presente ordenanza.
- n) A entrada e permanencia de animais en locais dedicados á fabricación, venda, almacenamento, transporte ou manipulación de alimentos.
- ñ) A circulación e permanencia de animais en locais destinados á fabricación, venda, almacenamento, transporte ou manipulación de alimentos. Non circular co animal ou animais suxeitos con correa ou cadea con collar nas vías públicas e fóra dos lugares e horarios establecidos para que poidan circular libremente e soltos.
- p) O abandono na vía pública de cadáveres de calquera especie animal.
- q) Calquera outra actuación que vulnere o disposto nesta ordenanza e que non veña tipificada como infracción grave ou moi grave.
- r) Non limpar con auga ou co spray acaído os ouriños dos animais nas vías públicas.

Artigo 47

Son infraccións graves:

- a) O maltrato dos animais que lles cause dolor ou lesións.
- b) Mutilalos sen necesidade ou sen o adecuado control veterinario.
- c) Abandonalos.
- d) A venda ambulante, reiterada, de animais en xeral, fóra dos establecementos, feiras e mercados legalmente autorizados.
- e) A venda de animais salvaxes en cativeiro fóra dos establecementos autorizados.
- f) A subministración de estimulantes non autorizados ou substancias que poidan atentar contra a saúde, excepto cando sexa por prescrición facultativa.
- g) A non vacinación ou o non tratamento obrigatorio dos animais.
- h) A venda de animais enfermos, salvo que se trate de un vicio oculto, non coñecido polo/a vendedor/a.
- i) A cría ou comercialización de animais sen cumprir os requisitos correspondentes.
- j) A tenza de animais perigosos sen as medidas de protección que estean fixadas.
- k) O incumprimento de calquera outra das condicións impostas nas autorizacións administrativas.
- l) Considerarase, así mesmo, como infracción grave, a reincidencia en infraccións leves, entendendo que existe tal reincidencia cando se comete unha infracción leve do mesmo tipo que a que motivou unha sanción anterior no prazo de trescentos sesenta e cinco días seguintes á notificación desta, requirírase que a resolución sancionadora adquira firmeza.



Artigo 48

Son infraccións moi graves:

- a) O maltrato dos animais que lles cause a morte.
- b) A organización e celebración de espectáculos, pelexas ou outras actividades con animais que impliquen crueldade ou maltrato ou poidan ocasionarlles sufrimentos.
- c) A venda de animais con enfermidade infectocontaxiosa coñecida.
- d) A venda de animais para experimentación sen a debida autorización ou a centros de autorizados.
- e) A esterilización ou o sacrificio de animais sen control facultativo.
- f) A reiteración en faltas graves.

Considerarase, así mesmo, como infracción moi grave, a reincidencia en infracción grave, entendendo que existe tal reincidencia cando se comete unha infracción grave do mesmo tipo que a que motivou unha sanción anterior no prazo de trescentos sesenta e cinco días seguintes á notificación desta; requirirase que a resolución sancionadora adquirise firmeza.

Artigo 49

As infraccións leves prescribirán aos seis meses, as graves aos doce meses e as moi graves os dous anos.

Artigo 50

1. As infraccións indicadas no artigo anterior serán sancionadas con multas de:

- a) As leves, de 100 a 500 euros.
- b) As graves, de 501 a 5000 euros.
- c) As moi graves, de 5001 a 30.000 euros.

2. A imposición das sancións previstas corresponderalle a:

- a) O alcalde do Concello, para as infraccións leves.
- b) O director xeral de Producción Agropecuaria e Industrias Agroalimentarias, para as infraccións graves.

c) O conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, para as moi graves.

3. A incoación e tramitación dos expedientes polas infraccións cualificadas como leves, salvo as recollidas no punto i) do artigo 20, pola Lei 1/1993, do 13 de abril, será realizada polos concellos, de acordo coo establecido no artigo 24.4 da Lei 1/1993. En todo caso, a imposición das sancións previstas por infraccións leves correspóndelle ao alcalde do Concello, de conformidade co establecido no artigo 24.2.º a) da dita lei.

4. A incoación e tramitación dos expedientes polas infraccións cualificadas como graves ou moi graves poderá ser realizada por parte do Concello, sen prexuízo de que a resolución dos expedientes e a imposición de sancións sexa efectuada pola autoridade correspondente, de acordo co establecido no apartado 2.º, do artigo 24, da Lei 1/1993, do 13 de abril.



Artigo 51

Ademais das multas ás que se refire o artigo anterior, os órganos competentes poderán impoñer as seguintes sancións:

- 1) O peche temporal ou definitivo, respectivamente para as infraccións graves ou moi graves, dos establecementos respectivos.
- 2) A prohibición temporal ou permanente, respectivamente para as infraccións graves ou moi graves, do exercicio de actividades comerciais.
- 3) A incautación dos animais obxecto de actividades ilegais ou de abandono para calquera tipo de infracción.
- 4) No caso de federacións ou de calquera outra entidade non lucrativa, para infraccións graves ou moi graves, poderase suspender temporalmente, ou en casos moi graves definitivamente, o exercicio das súas actividades.

Artigo 52

Para a graduación das multas e determinación do tempo de duración da clausura a que fai referencia o artigo anterior, teranse en conta as seguintes circunstancias:

- 1) A transcendencia social ou sanitaria e o prexuízo causado pola infracción.
- 2) O ánimo de lucro e a contía do beneficio obtido na comisión da infracción.
- 3) A importancia do dano causado ao animal.
- 4) A reiteración ou reincidencia na comisión de infraccións.

Artigo 53

1. O exercicio da potestade sancionadora recollido na presente ordenanza requirirá a incoación e instrución do expediente administrativo correspondente, de conformidade co disposto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e nas disposicións regulamentarias que regulen o procedemento administrativo sancionador.

2. O procedemento sancionador poderá iniciarse por denuncia ou de oficio, cando as autoridades municipais ou a consellería competente nesta materia teñan coñecemento de feitos que poidan constituír unha infracción do establecido por esta ordenanza, a Lei 1/1993, polo Decreto 153/1998, artigo 54.

A presente ordenanza entrará en vigor a partir da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Barbadás, 25 de outubro de 2024. O alcalde.

Asdo.: Xosé Carlos Valcárcel Doval.

R. 3.102

